Xurxo Romaní



Músico nado na Coruña(Galiza) en 1966 e formado coma gaiteiro no seu entorno familiar. Posteriormente aprende outros instrumentos de corda no contexto da música tradicional de Galicia. Estuda e toca zanfona dende 1996. Mora en Catalunya dende 1993, segue aquén a desenvolverse coma músico, de xeito autodidacta e participando en cursos organizados polo Centre Artesà Tradicionarius, a asociación Ibérica da Zanfona e a Central Folque, con Gilles Chabenat, Patrick Bouffard, Matthias Loibner, Valentin Clastrier, Nigel Eaton, Marc Egea ou Pascal Lefevre. Perfecciona tamén os seus coñecementos de música antiga en cursos de 'oud, cítola, notación musical histórica, e canto gregoriano no Curso da Aula de Música Antiga do Conservatorio de Girona, o Curso Internacional de Música Medieval e Renacentista de Morella e no Curso Internacional de Música Antiga de Besalú. Participou en inúmeros proxectos musicais no eido da música folque e a música antiga, coma *Ondina Xana* e *Organistrum*, e ten publicado varios discos en solitario como solista de zanfona.

A zanfona

Instrumento creado arredor do primeiro milenio, chega a Galicia a traverso do camiño xacobeo. Tamén moi presente no instrumentario tradicional de países coma Francia, Hungría, Italia, Polonia ou Suecia. Atravesa diversas épocas de esplendor na idade media e o renacemento, até ficar esquecida e por fortuna conservada nas mans dos cegos mendicantes que percorrían camiños e feiras. É recuperada na Galiza no límite mesmo da súa extinción polo folklorista Faustino Santalices, a mediar o século XX. Atravesa unha sorprendente recuperación na nosa época, axudada polas melloras técnicas no instrumento e a adaptación do mesmo a todo tipo de repertorios, alén dos ligados á tradición. Na actualidade Xurxo toca unha zanfona electroacústica construida en 1999 por Wolfgang Weichselbaumer.

Repertorio

O repertorio do concertó fará un percorrido no espazo e o tempo, de Galicia a Italia, Francia e Escandinavia, e do medievo ao trecento, o renacemento e a idade contemporánea, mesturando pezas tradicionáis coas do proprio autor. O instrumento amosará as súas posibilidades coma pequena orquestra, manipulado por multiefectos ou *loops.*

Programa

Regi perennis gloriae/Cantar de arrieiro

(Codex calixtinus/tradicional Galiza)

Abadessa oí dizer

(Afonso Eanes do Cotón/X. Romaní)

Suite do trecento

(Estampidas do Robertsbridge Codex e do Oxford Manuscript)

Suite de temas escandinavos

(tradicional de Suecia)

Suite do renacemento

(danzas de T. Arbeau e P. Attaignant)

A Marronda

(X. Romaní)

O diaño e a mona

(X. Romaní)

Schottishe urbaine

(Gregory Jolivet)

O bico da pedra

(X. Romaní)

Quen poidera namorala

(Luis Emilio Batallán, baseada nun poema de Álvaro Cunqueiro)

Ateneu Galego de Girona

http://anagg.blog.cat/
https://twitter.com/aquennos